



🗨️ O alcalde do Concello de Carral, Javier Gestal, presidiu, xunto coa subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, a reunión da Xunta Local de Seguridade.

👏 Ao encontro asistiron, así mesmo, a concelleira de Seguridade Cidadá, Susana Guimarey, o concelleiro de Protección Civil, Francisco Bello, o xefe da Policía Local de Carral e o sarxento-coronel da Garda Civil.

Entre os datos que se puxeron en valor, destacouuse 📉 a taxa de criminalidade do municipio, que se atopa 7 puntos por debaixo da media provincial.

👉 Así mesmo, os delitos leves melloraron en 6,8 puntos e as infraccións penais baixaron en 3,18 puntos.

Estes resultados son froito da aposta do goberno local por reforzar a seguridade cidadá 🚓 e, por suposto, do traballo que realizan, día a día, os corpos e forzas de seguridade.